

IV PREMIO LUGO EMPRENDE



BASES PREMIO LUGO EMPRENDE 2013



Lugo
Jóvenes Empresarios



BASES E CONVOCATORIA DO IV PREMIO LUGO EMPRENDE

Primeira: Requisitos dos candidatos.

1.-Poderá ser candidato calquera empresario que non supere a idade de 40 anos e que a súa empresa teña a sede social na provincia de Lugo.

2.-Ser o propietario maioritario, principal impulsor, e responsable dos recentes éxitos da empresa. No caso de non ser socio maioritario e ter unha participación superior ao 20% poderá presentar a súa candidatura, previa a conformidade dos seus socios; para iso deberá presentar autorización por escrito daquel outro socio/s no que conste que supera o 50% da propiedade, autorizándolle á levar a cabo a súa presentación da candidatura e participación no Premio. A empresa non poderá estar participada maioritariamente por entidades ou empresas de titularidade pública ou privada.

3.-Nos últimos exercicios a empresa deberá poder acreditar que experimentou crecementos progresivos no número de empregados e na facturación.

4.-Non poderán presentar as súas candidaturas **os membros actuais da Xunta Directiva de AJE Lugo.**

Segunda: Ámbito Territorial

As empresas candidatas deberán de ter o seu domicilio na provincia de Lugo.

Terceira: Procedemento do concurso.

Abrirase un prazo de presentación de candidaturas, que non poderá ser inferior a quince días, e nos que as empresas interesadas formalizarán a súa candidatura. Para isto habilitarase no espazo web www.ajelugo.com un modelo orientativo de de memoria a dispor dos candidatos.

A cronoloxía do premio sería a seguinte:

-Durante o **mes de novembro**: prazo de presentación de candidaturas ao IV Premio Lugo Emprende.

-4 de novembro: presentación a medios.

-28 de novembro: acto de entrega do Premio.

Cuarta: Criterios de valoración.

Para levar a cabo a valoración das candidaturas teranse en conta especialmente os criterios seguintes:

- a) Creación de emprego estable e de calidade.
- b) Carácter innovador do proxecto.
- c) Grao de proxección provincial, autonómica ou nacional da empresa.
- d) Investimentos e emprego de boas prácticas na xestión empresarial: especial referencia as áreas de Prevención de Riscos Laborais, Responsabilidade Social Corporativa, Conciliación Laboral e Familiar, respecto polo Medio Ambiente, Políticas de Igualdade de Xénero etc.
- e) Evolución experimentada nos últimos anos (facturación, beneficios, etc.)
- f) Participación do empresario en máis empresas ou sociedades.

Quinta: Obxectivos

Entre os obxectivos básicos para promover o *IV PREMIO LUGO EMPRENDE*, destacan os seguintes:

- Fomentar a cultura empresarial.
- Apoiar e estimular aos novos emprendedores.
- Promover o autoemprego e a creación de empresas entre a sociedade lucense.
- Ser foro de debate de ideas empresariais.
- Colaborar no desenvolvemento do noso contorno.
- Propiciar o intercambio de experiencias empresariais entre os mozos empresarios.
- Contribuír á mellora do prestixio social dos mozos empresarios lucenses en particular, e galegos en xeral, como creadores de riqueza e de emprego.



Lugo
Jóvenes Empresarios

- Incentivar os proxectos que xeren: innovación, permanencia no mercado, creatividade, implantación de procesos de calidade, incremento no volume de mercado, expansión, creación de postos de traballo e conciliación de vida laboral e familiar.

Sexta: Xurado.

O Xurado do **IV PREMIO LUGO EMPRENDE** estará formado por un representante de cada unha das entidades e organismos públicos colaboradores do Premio así como do Presidente da Asociación de Jóvenes Empresarios de Lugo que actuará en calidade de secretario da mesa.

Sétima : Dotación dos premios.

A dotación dos premios consistirá en formación da Escola de Negocios Nova Caixa Galicia, valorada en 4.000 euros.

Nesta edición o premio dividirase en dúas categorías:

- *Premio Joven Empresario Junior*, dirixido a aquelas empresas con 3 anos ou menos de actividade, dotado con 2.000 euros.
- *Premio Joven Empresario Senior*, dirixido a aquelas empresas con 3 anos ou máis de actividade, tamén dotado con 2.000 euros.

Oitava: Documentación.

Documentación obrigatoria:

- a) Modelo normalizado de presentación de candidaturas (facilitada por AJE Lugo).
- b) Declaración xurada (facilitada por AJE Lugo).**

*** (A presentación desta declaración non exclúe ás posteriores comprobacións de documentos acreditativos que puidera levar a cabo o Xurado para a verificación dos datos).*

Documentación optativa:

- a) Fotocopias de calquera tipo de certificación da empresa (calidade, protección de datos, prevención de riscos laborais, premios, distincións, etc.)



- b) Folletos ou dosieres publicitarios, anuncios, mencións e aparicións en prensa etc. Tamén se poderá incluír como documento anexo unha presentación da empresa en soporte dixital (cd/dvd).

Novena: Confidencialidade dos datos.

A documentación facilitada polos participantes estará a disposición, exclusivamente, do Xurado para o estudo das propostas e será confidencial nos datos sinalados como tales; podendo a Asociación facer uso dos nomes dos participantes, imaxe corporativa e material gráfico en relación á promoción do Premio.

Décima: Propostas e Prazo de Presentación de Candidaturas.

Deberá de presentarse persoalmente o Modelo normalizado de presentación de candidaturas, que se pode recoller na sede da Asociación de Jóvenes Empresarios de Lugo-AJE Lugo, Palacio de Feiras e Exposicións, Avenida dos deportes s/n, vivero 19, 27004 Lugo. Tamén pode ser válida a presentación mediante remisión por correo certificado á mesma dirección ou por correo electrónico a info@ajelugo.com .

O prazo de presentación de candidaturas vai dende o 4 ao 18 de novembro (ambos inclusive). As candidaturas deben dirixirse á sede de AJE LUGO indicada anteriormente.

Undécima: Entrega de Premios.

Os gañadores finais do Premio daranse a coñecer nun acto público do que se dará cumprida difusión nos medios de comunicación. Será requisito imprescindible a asistencia dun representante de cada unha das empresas candidatas ao acto de entrega do Premio.